



BOLETÍN 147
OUTUBRO 2020

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

ASAMBLEA XERAL ORDINARIA

Segundo os artigos 20 e 21 dos nosos Estatutos, convocamos a Asemblea Xeral Ordinaria para o vindeiro día **16 de outubro ás 19:30 horas** en primeira convocatoria e ás 20:00 horas en segunda convocatoria, no salón de **Actos da Casa do Deporte** (Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, 36209 Vigo) segundo a orde do día que se expón a continuación:

Orde do día da Asemblea Xeral Ordinaria

- 1) Aprobación se procede, das actas de anteriores Asembleas
- 2) Presentación e aprobación, se procede, da Memoria de actividades do ano 2019
- 3) Presentación e aprobación, se procede, das contas anuais de 2019
- 4) Presentación e aprobación, do calendario de actividades do ano 2020
- 5) Presentación e aprobación se procede, do orzamento para o ano 2020
- 6) Propostas dos asociados
- 7) Rogos e preguntas

As actas de anteriores Asembleas non serán lidas e estarán á disposición dos socios e socias na oficina do Club e/ou no Taboleiro de anuncios a partir do día 01/10/20, xunto ó Censo de socias e socios con dereito a voto. A documentación: Balances e conta de resultados de 2019, estará dispoñible a partir do día 1 de outubro.

Ollo: O lugar é onde está a Federación Galega de Montaña!

Seccións

Montaña	2
Cultura e M Ambiente.....	5
Bici de montaña.....	5
Social.....	6
Sendeiro.....	6
Vindeiras Actividades.....	7
Calendario de actividades.....	8

Vindeiras Actividades

Ancares
Magosto Social
Xeoparque Courel
Espeleoloxía
Mergullo
Pequemarcha Xabriña

CONFIDENCIALIDADE: Segundo o Regulamento (UE) 2016/679 RGPD, o responsable do tratamento dos seus datos é CLUB MONTAÑEIROS CELTAS. A finalidade do tratamento é atender ás comunicacións de interese para ambas partes, sendo a base legal o consentimento outorgado. Non se cederán datos a terceiros. Se o desexa, poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación e supresión, entre outros, tal e como se explica na información adicional que poderá obter remitindo un correo electrónico ó enderezo administracion2@celtas.net ou nas oficinas do Club.

MONTAÑA

Montañas Palentinas 1-8 de agosto

No extremo Norte da provincia de Palencia atópase o Macizo Fuentes Carrionas, tamén coñecido como “Montañas Palentinas”. Este verán e por piruetas do destino ligadas á covid-19, foi o lugar elixido para realizar o campamento de verán 2020.

O lugar é un paraíso para os montañeiros, xa que ofrece sendeiros, montañas accesibles para todos os públicos e montañas un pouco máis técnicas e esixentes que demandan unha boa forma física e algo de experiencia.

Día 1: Chegamos a Cervera o sábado 1 de agosto pasado o medio día e destinamos a tarde a montar as tendas, acomodarse nos bungalows, visitar o pobo e preparar as mochilas para subir ao día seguinte ao Pico Murcia.

Día 2: O Pico Murcia é unha montaña de 2.349 m de altura situada nas inmediacións do Pico Espigüete. O domingo as 8.00 h da mañá, saímos en autobús cara Cardaño de Arriba. Unha vez alí comezamos a camiñar a ritmo de gaita, por un sendeiro que conduce tanto ao Pozo las Lomas como ao Pico Murcia. Cruzamos unha ponte que nos fará xirar á esquerda e un pouco máis arriba e tras algún titubeo buscando os fitos entre a vexetación e as pedras, xiramos bruscamente á dereita e subimos cara a unha portela para cambiar de val. Unha hora despois alcanzamos a base do Pico Murcia. Dende aquí acometemos unha subida bastante empinada, aínda que sen dificultade algunha, por un longo e duro zig-zag que sen dúbida nos facilita a ascensión. O último tramo, consiste en salvar o cono final por un camiño errático e dificultoso, aínda que, por sorte, non moi longo. Tres horas máis tarde xa estamos arriba. Contentos, gozamos das impresionantes vistas. Unha particularidade destas montañas é que están moi separadas unhas doutras o que permite panorámicas espectaculares dende calquera das súas cimas. Dende o pico Murcia o que máis nos impresiona é O Espigüete. Distinguímos perfectamente todo o percorrido da aresta leste por onde pensamos subir mañá e tamén a cara Norte por onde temos pensamos baixar. Despois de comer algo e descansar un rato emprendemos a baixada, pero no lugar de desandar o camiño decidimos seguir polo cordal que divide o val do Valcabe, por onde subimos, do val do Arroyo Mazobre sobre o que se ergue o Espigüete. Merecería a pena facer esta variante se non fose porque finalizando o cordal o camiño desaparece entre unha espesa vexetación que por aquí chaman “escobas” e que dificulta enormemente o progreso da marcha. Despois dunha dura e penosa loita coa salvaxe natureza chegamos por fin a pista que nos levará ao aparcamento onde nos espera o autobús.



Día 3: Un novo día montañeiro e madrugador, se é que isto de estar de vacacións... Hoxe imos subir ao Espigüete, a montaña máis famosa do macizo Fuentes Carrionas. Con 2.450 m de altura, non é o pico máis alto da zona, pero si o que todos queremos subir pola súa singular beleza e porque para algúns de nós supón un desafío. Comezamos camiñando por unha pista que nos conduce, despois de 1,8 km, ata o refuxio do Mazobre, dende onde podemos examinar detidamente o corredor polo que imos subir ata o Collado Cerrunal de 1.933 m de altura. Así que, nos diriximos ao ataque do mesmo cando inesperadamente pegamos un xiro e comezamos a subir por unha ladeira de pedras e herba coa única xustificación de que parecía máis divertido que subir polo corredor. Levounos uns 40 min chegar arriba. A partir de aquí o tramo máis duro está superado, o que queda son 500 m de desnivel por unha aresta de pedra de 2 km de longo. A aresta, aínda que longa, resulta ser moi entretida, con trepadas e baixadas sen demasiado perigo, pero que require de certo grao de concentración. Aparece ante nós a cima Leste, pero como xa levabamos a ruta moi



estudada non nos enganou e ben sabíamos nós que aquela cima era falsa, seguimos camiñando e en 30 min. pouco máis ou menos conseguimos pisar a verdadeira a cima, a cima “Principal”, non ten outro nome. De novo as vistas nos deixan sen alento, Picos de Europa, Curavacas, Pico Murcia, Peña Prieta... Iniciamos o descenso pola Cara Norte, unha dificultosa baixada que presenta un primeiro tramo por un moi empinado e esvaradío camiño de terra, despois rocha descompuesta, máis abaixo unha gran ola de grandes pedras e finalmente un camiño en zig-zag que nos leva ata a pista da ferverza do Mazobre e que pon punto final a esta especial ascensión.

MONTAÑA

Montañas Palentinas 1-8 de agosto

Día 4: A Senda del Oso, ten uns 12 km de percorrido circular por las inmediacións de Peña del Oso, Peñas negras e o pobo de Arbejal. O grupo parte convencido de que será un paseo relaxado . Os cálculos son erróneos, a ruta será máis longa do imaxinado, a calor pesará nas súas cabezas e ademais non estará exenta de desnivel. Inician a marcha pola marxe dereita do río Pisuerga entre freixos, salgueiros, chopos e carballos para dar paso aos campos de cultivo do pobo de Arbejal. A partir de aquí comeza unha notable subida a pleno sol coa que non contaban, haberá que meter a directa. Pronto chegan a unha pequena Carballeira dende a que comezan a baixar ata chegar ao encoro onde paran a repoñer forzas. Retoman o camiño e máis adiante se atopan coa canteira de onde se sacou a pedra para facer o encor. Seguindo o sendeiro chegan a paraxe da Peña del Oso. Descenden, xa, ata o Chozo del Prado Concejo e dende aquí, sen máis esforzo, retornan ao camping e aínda que o tempo do vermú xa pasou, poden gozar dunha cervexa fresca que para iso calquera hora é boa.



Día 5: O Pico Curavacas de 2.524 m, igual ao Espigüete en interese e supérao en altura. Debemos dirixirnos ao pobo de Vidrieros de onde parte o sendeiro que nos levará a base da montaña. Camiñamos por unha pista ancha paralela ao Arroyo de Cabriles. A medida que avanzamos vaise transformando no leito seco dun torrente con grandes pedras que entorpecen a marcha, 2,7 km despois rematará nun marabilloso prado de herba alta e amarela, chamada Majada de Cabriles que, dende a súa chaeira, contribúe a darlle ao Curavacas a aparencia dunha gran mole. Moi ben, comeza a pedreira, alá imos, hai que mentalizarse, en comparación co Espigüete isto non vai ser tan divertido, aquí no hai aresta para trepar. Subimos camiñando por multitude de sendeiros que zigzaguean pedreira arriba e que se cortan constantemente facéndonos rectificar unha e outra vez . Esta cara SE ten unha inclinación considerable e hai que subir facendo un gran esforzo, sobre todo mental. Despois de 3 h alcanzamos os primeiros riscos, xiramos por debaixo deles cara a esquerda e nos diriximos ao Callejo Grande, un corredor en forma de funil onde predomina unha rocha de conglomerado máis sólida que a que deixamos atrás e con bos agarres que nos van permitir unha progresión segura. Superado o Callejo Grande enfiamos o cumio por unha especie de



terrazza aérea e compacta. Ao igual que nas anteriores ascensións, as vistas son infinitas polos catro costados, non hai outras montañas que o impidan: cara ao Oeste, O Espigüete; Ao Norte, Picos de Europa, Pozo Curavacas e Peña Prieta. A baixada facémola polo mesmo camiño, con moito coidado ao principio, pero moito máis rápido en canto collemos a pedreira. Entón cravamos talóns e nos deixamos levar polo río de pedras que se despraza baixo os nosos pés como se fóssemos enriba dunha táboa de “snowboard”, máis ou menos. O caso é que isto reduce moito os tempos de baixada e fai que sexa toda unha experiencia. Chegamos a Vidrieros cos pés esfolados, sedentos e poeirentos. A recompensa está esperando por nós, esa gran cervexa que nunca falta e que ten ese sabor inigualable que lle confiren o esforzo e a alegría.

Día 6: Toca subir ao Peña Prieta, de 2.539 m de altura. É a montaña máis alta do Macizo de Fuentes Carrionas, pero non está na provincia de Palencia senón na de Cantabria. O pico máis alto da provincia de Palencia ven sendo o Pico Infierno que como cadra de camiño ao Peña Prieta pois tampouco supón un problema e para non deixar nada atrás o grupo subirá tamén o Pico Tres Provincias. O sendeiro parte de Cardaño de Arriba en dirección ao Pozo Las Lomas, vai xa moita calor, haberá que tomalo con calma. A primeira parte da ascensión resulta moi accesible, discorre primeiro paralela ao Arroyo Las Lomas, para facelo, máis arriba, entre pradarias. Hora e media despois de comezar e deixando algunhas pontes e fontes atrás, o camiño comeza a ascender con maior desnivel ata chegar a altura da lagoa do Pozo Las Lomas. A partir de aquí e coa vista nas Agujas de Cardaño, os fitos que marcan o camiño van guiando ao grupo cara a pedreira. Catro horas despois de ter comezado a ruta subirán ao Peña Prieta e xa no camiño de volta farán o Pico Infierno e por último o Pico Tres Provincias. A xente

MONTAÑA

Montañas Palentinas 1-8 de agosto

vai cansa, pero moi satisfeita, a aresta desolada e pedregosa brindoulles como xa é habitual nestas montañas palentinas a oportunidade de gozar coas mellores vistas do mundo.

Día 7: Tejada de Tosende é un pequeno bosque de teixos, moi ben conservado, que ademais de teixos, que se concentran principalmente na parte alta, conta tamén con carballos e faias. Para chegar ao inicio da ruta debemos coller a estrada que une Cervera de Pisuerga coa poboación de Guardo a beira da cal se atopa o aparcamento de onde parte o sendeiro que nos levará ata leste recanto millenario. Durante 4 km camiñamos por unha senda cómoda, franqueada por sobreiras que nos dan algo de tregua ante un sol que promete. Pronto entramos no bosque por unha enorme boca sombría formada por faias de gran tamaño e que agradecemos enormemente. A partir de aquí a temperatura será fresca e nos permitirá gozar deste lugar singular. O bosque de faias esténdese por un camiño empinado e ben definido, alfombrado por unha espesa capa de follas secas, todo un agasallo para o sentidos.

A subida apenas ten 1km, merece a pena chegar ata aquí, o lugar está formado por ducias de teixos, a maioría centenarios e algúns milenarios. Baixamos polo mesmo sitio, xa que aínda que a ruta é circular o camiño que nos resta estaría exposto ao sol. Xa de volta na boca do bosque da que falamos anteriormente, decidimos parar a comer. Algúns permítense o luxo de botar unha reparadora sesta, que hoxe é o último día destas maravillosas vacacións no Macizo de Fuentes Carrionas e non hai máis montañas que subir. Ceamos de vagar, todos xuntos en Cervera de Pisuerga. Celebramos o ben que se desenvolveu todo nestes difíciles tempos da Covid-19.

Mañá non madrugaremos, hai moitas tendas por recoller e 7 horas de autobús coa mascarilla posta ata casa. Non nos importa, mereceu a pena? Sen dúbida. Melu L.



Xeoparque Courel 27 e 28 de xuño

Deixando atrás as duras xornadas de confinamento para uns e traballo arreo para outros, con moito ánimo, saímos da Ferrería Do Mazo. Subida ben fermosa entre augas e verdes, a Devesa do Cervo.

Que ben lle fai o corpo e a alma saír cara ás alturas, esquecer as teimas, e deixar que as pequenas dores articulares tamén se esquezan. Paradiña o carón das rochas verdescentes de antigos fogares, para recuperar folgos e comer as viandas da mochila. Con novas forzas encaramos as últimas ramplas polo carreiro estreito e piñeiro, que engana. Botando as mans para ghabear ós precumios, xa chegas, xa chegas, pero non, un pouquiño mais.

Chegamos ó Xeodésico do Montouto (1.541m) cunha nube parva tomando posesión, e tocou mollarse un chisco. Eu contenta de estrear neste alto.

Toca baixar as pistas do Courel, ata saír da nube non escampa un pouco. E así xantamos rapidiño, que facía frío. Logo, a seguir o descenso ata Vilarmel, baixando a carón de dourados campos de centeo, dos que xa quedan poucos.

Linda chegada ó noso luxoso refuxio, a Ferrería de Rugando, que non defrauda, polo trato, o ambiente, as viandas,...é especial.

O día seguinte toca subir ata cruzar a ponte do río Vilarmel, e encaramos a subida cara o Val do Río Soldón. O xantar toca baixo un souto, fronte a aldea de Outeiro. Continúa a subida paseniño ata O Mazo. E dende alí, carreiriño selvático ata O Soldón da Seara, onde por fin o B.A.R. esperaba para nos hidratar. María V.



CULTURA E M AMBIENTE

Pequecampamento Courel 4 e 5 de xullo

Para comezar a tempada, visita ao Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel. Nada menos!

Nesta ocasión contamos coa colaboración do Concello de Ribas de Sil (ao que agradecemos as atencións e colaboracións que sempre nos presta), que nos permitiu o uso do Pavillón Polideportivo de San Clodio, onde montamos as tendas de cada familia no exterior.

Aínda que a actividade comezaba o sábado ás 11h, a maioría aparecemos o venres pola tarde. O sábado ás 11 levamos os coches a Torbeo para comezar alí a Ruta da Cubela. Como facía calor e saía unha ruta de 10km, os de menor idade ían comezar na Cubela. Máis dixeron todos que non, que querían facer como os maiores.... Intercambiamos miradas pais-nais-xefes e..... quen dixo medo!! Todos e todas portáronse de medo! Pablo, 4 anos; Xoel 5 anos; Alba 6 anos,.... e para máis asombro ás veces corrían para adiante e para atrás! Que enerxía!!

Así, baixo unha calor forte, con moitos momentos de sombra e cunhas gañas considerables chegamos a Castro ás 16,30h. Organizamos para ir buscar os coches, recollelmos aos cativos e.... praia-baño-hidratación.... ata a hora da cea.

A cea estaba encargada ao aire libre, na praia onde foi servida pola Central (restaurante de San Clodio) coa separación e demais medidas adecuadas. Ceamos ben e abundante (houbo que levou táper para domingo) E os rapaces puxéronse a xogar á pita. Como corrían! Non paraban! Logo do día que tiveron! A praia e o Sil resultaron repoñedores.

O domingo íamos de minería romana. Comezamos ás 10. Subimos os coche ata a Hermida, pasado Soutordei. As vistas sobre a depresión de San Clodio-Quiroga e sobre o Courel son espectaculares. Logo de saudar ao lonxe os vales do Ferreiriño, do Quiroga e do Soldón, e o Pía Paxaro, o Formigueiros e o Montouto, ascendemos cara as minas de ouro romanas do Covallón e O Vogo. Incluso entramos cos frontais no túnel escavado polos romanos de Augas Santas durante uns metros. Unha maravilla! As forzas do máis peques xa ían máis xustas. Vimos un pozo de explotación mineira, a enorme mina do Covallón, as Colmeas de As Portas e para rematar, un toque etnográfico: o funcionamento dun forno tradicional en Lousadela. Precioso remate. volta ao Pavillón, dando por rematada a actividade: uns tiraron para a praia, outros xantamos, recollelmos as tendas e para a praia, outros foron xantar nas Vegas,....!! Emilio B.



BICI DE MONTAÑA

Bici de Montaña en Soutomaior 5 de xullo

Despois do parón provocado pola pandemia e o confinamento ao que nos vimos abocados retomamos as actividades da sección de bici de montaña. O sitio elixido foi Soutomaior. Esta actividade xa estaba programada de antemán pero noutras datas, así que retomamos a programación.

As 9:30 da mañán as dez persoas anotadas na lista e dous máis que apareceron comezamos a preparar as nosas monturas para o percorrido que nos agardaba. O inicio da ruta estaba na saída de Soutomaior cara a Ponte Caldelas, empezando por



un antigo tramo do Sendeiro das Greas que nos conduciu ata Aranza, para subir as empinadas costas desta aldea e chegar ata o sendeiro da auga, que conduce ao encoro de Eiras.

No encoro fixemos unha paradiña para estirar as pernas e recuperar os folgos. Despois retomamos o sendeiro para ir ata Pazos de Borbén, onde repuxemos os líquidos perdidos polo camiño e volta por estrada ata o punto de saída, onde chegamos preto das 14h. Xulio T.

SOCIAL

Campamento Social en Bamio 18 e 19 de xullo

Na fin de semana nos días 18 e 19 de xullo celebrouse o campamento social que se vén celebrando anualmente desde o noso club. A cita deuse no Cámping Río Ulla, en Bamio, nun enclave estupendo onde tiñamos reservada unha gran parcela exclusiva para nós e onde fixemos despregue de tendas e intendencia. O tempo acompañounos podendo gozar do sol e boa



temperatura.

Alí démonos cita diferentes xeracións, desde as máis veteranas ás máis noveis coincidindo todas elas con gran ilusión e ganas de goce da contorna, das actividades programadas e do encontro e diversión.

As actividades desenvolvidas non foron poucas para unha fin de semana onde a praia, as proximidades e as instalacións do cámping como por exemplo a piscina, teñen o seu atractivo.

Socias e socios do club fixemos escalada na que participou maioritariamente a xente miúda, visitamos a illa de Cortegada entoando unhas coplas afinadas na viaxe en barco e remamos en kaiak onde convivimos maiores e algún pequeno aventureiro.

En termos gastronómicos, hai que destacar que a grella e o churrasco veñen sendo tamén protagonistas neste campamento. Persoas xenerosas préstanse de maneira entregada para facernos degustar e gozar dun magnífico menú acompañado de verduras varias e regado con rico viño, tamén auga e outros para as crianzas. Para ir abrindo boca, xa na comida premiámonos con algún marisco; non ía faltar en terras mariñeiras.

O domingo, xa fin de festa, tocou recollida con xantar compartido e gran satisfacción polas xornadas compartidas e o desexo de repetir nas vindeiras convocatorias. Gloria P.

SENDEIRO

Roteiro por Terras de Sistelo 6 de setembro

Visitamos as terras do Sistelo en Portugal. Trátase dunha zona situada nas inmediacións da Serra da Peneda, no concello de Arcos de Valdevez. O Sistelo é un pequeno pobo de montaña moi ben conservado, con casas de pedra e rúas tamén empedradas. Nada estraga este conxunto arquitectónico e moito menos a paisaxe exquisitamente humanizada que o arrodea.

Comezamos a ruta dende as casas de Padrao sobre as dez da mañá por un vello camiño empedrado de forte pendente que dende hai moitos anos conduce as brañas onde a día de hoxe segue a pacer o gando. A primeira braña coa que nos atopamos é a Branda de Alhal. No alto desta primeira braña decidimos sentarnos a beber e a comer algo lixeiro para seguir coa subida. Máis arriba atopamos as Brandas de Gémea e dende alí dirixímonos as Brandas de Crastibó perdidas entre a maleza e cos tellados xa caídos. Remata esta longa e sostida subida nun altiplano chamado Chá do Sono. Aquí o camiño desaparece e comeza a baixada entre toxos para internarse despois nunha pequena fraga pola que temos que nos descolgar de póla en póla debido a forte inclinación

do terreo que finalmente remata no río de Porto da Cova. Cruzamos o río e enlazamos da outra banda cun novo e precioso camiño empedrado que durante un treito fai tamén de levada. Un pouco máis adiante e máis abaixo paramos a comer. Despois do descanso emprendemos a marcha por un sendeiro cómodo ata chegar ao pobo de Padrao. Por fin chegamos a O Sistelo, dende os muros do camiño admiramos os socalcos que se descolgan polas ladeiras para permitir os cultivos que doutro xeito serían imposibles. Son as cinco da tarde, levamos nas pernas 15,5 km e o desnivel positivo acumulado e de 820 m. O pobo está cheo de xente, sentámonos polo chan nunha pequena praza ao carón dunha cantina para festexar con oportos, refrescos e cervexas frescas esta interesante e preciosa ruta montañeira. Melu L.



VINDEIRAS ACTIVIDADES

10-12 Outubro en Ancares

Ascensión ao Miravalles, Pico Cuíña, Mustallar, Tres Obispos...

Se o tempo o permite hai posibilidade de facer travesía cruzando a serra, dende o alto do porto ata o albergue.

Magosto Social

Como xa é tradición polo San Martiño faremos o noso querido magosto, saída de bici, Pequemar-cha e este ano tamén se une a Sección Infantil e Xuvenil. Vémonos no refuxio do Aloia.

Espeleo

Na ponte de outubro imos ir ata Vegacervera para realizar actividades de espeleoloxía e barrancos e a última fin de semana quedaremos en Vigo para adentrarnos nas Covas de Folón.

Festa de Nadal

Este ano, moi ao noso pesar non poderemos celebrar a Festa de Nadal por mor da Covid-19. Agardamos que veñan tempos mellores e poder festexar todos xuntos o que nos quedou pendente.



XUNTA DIRECTIVA

Damos á benvida á nova Xunta Directiva:

Presidenta: Carmen Pérez Orge

Vicepresidente 1: Enrique Soto Campos

Vicepresidenta 2: Margarita Quintas Pérez

Secretaria: M^a Concepción Gilino Villarramos

Tesoureira: M^a Cristina López Carballal

Vogal Montañismo: Federico Rodríguez Prieto e Xulio Troitiño Dapena

Vogal Espeleoloxía: Diego Moreira García e M^a Alicia Sobrino Fagilde

Vogal Submarinismo: Diego Moreira García e M^a Alicia Sobrino Fagilde

Vogal Escalada: David Camiña Femández

Vogal Esquí: Juan Marcos Rodríguez González e Fernando Fernández Rey

Vogal Infantil: Begoña Vila Taboada e Sonia Amatriaín Suárez

Vogal Bici: Xulio Troitiño Dapena

Vogal Refuxios e Material: Ramón Senén Dopazo Asorey

Vogal Cultura e Actividades Sociais: Alicia Rodríguez Ozores

Cómpre agradecer a todas e todos estes voluntarios que dedican tempo, enerxía e moitas ganas para que todas e todos os socios disfrutemos das actividades e nos sintamos orgullosos de ser Montañeiros Celtas.

Agradecemos a labor da Comisión Xestora que durante máis de medio ano estivo ao fronte do Club.

E non podemos esquecer dar as grazas á precedente Xunta Directiva polo seu investimento e paixón.

GRAZAS a todas e todos por todo o que fixestes e facedes, pola vosa entrega, por compartir e conseguir que o Club Montañeiros Celtas sexa unha familia moi grande que non para de crecer.



Edita: Club Montañeiros Celtas Edición: Mónica Vila
Colaboran neste número: Emilio B., Melu L., Gloria P., Xulio T., María V., José Luis V.
Imprime: Garpe /
DP: vg-40-1998 Impreso en papel reciclado

** Estamos a preparar máis actividades adaptándonos a según evoluciona a Covid-19. Informaremos na web e por correo electrónico das actividades que se se vaian programando. Grazas pola vosa comprensión.

	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
O U T U B R O	4	Coñece e percorre a Illa de Ons	Sección Infantil-Xuvenil
	10-12	Ancares	Sendeiro-Montaña
	10-12	Saída de Espeleo - Vegacervera (León)	Espeleoloxía
	16	Asamblea Xeral Ordinaria	Actividades Sociais
	18	Bici de montaña Mondariz-Pontearreas	Bici de montaña
	24	Campionato galego de escalada de dificultade	FGM
	25	Pequemarcha no Xabriña	Cultura e M Ambiente
	31	Saída de Espeleo - Covas do Folón (Vigo)	Espeleoloxía
	31-1	XeoCourel etapas 15 e 16	Sendeiro-Montaña

	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
N O V E M B R O	1	Saída de Mergullo na Ría de Vigo	Mergullo
	8	Magosto no Aloia	Social
	8	Bici de montaña no Aloia	Bici de Montaña
	14	Magosto no Aloia	Sección Infantil-Xuvenil
	15	Pequemarcha no Aloia	Cultura e M Ambiente
	28-29	XeoCourel etapas 17 e 18	Sendeiro-Montaña

	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
D E C E M B R O	3	Curso Primeiros Auxilios	Sección Infantil-Xuvenil
	20	Bici polos montes de Vigo	Bici de montaña
	31	Inmersión na Ría de Vigo	Mergullo

**Publicorreo
Óptimo**

MONTAÑEIROS CELTAS

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS
Avda. Camelias, 78 oficina k – 36211 Vigo
Teléfono 986 438 505 /   @clubmontaneirosceltas
www.celtas.gal / info@celtas.net